

LISTA DE ASISTENTES**EQUIPO DE GOBERNO**

Area Carracedo, Iván
Cabeza Pereiro, M^a. Carmen
Cidrás Pidre, José
Fernández Pulpeiro, Ana
Gago Rodríguez, Alberto
Gálvez Gálvez, Juan Francisco
García Mateo, M^a Del Carmen
García Pino, Antonio
González Pillado, Esther M^a
Hernández Sánchez, Jesús
Membiela Iglesia, Pedro
Montero Muñoz, María
Sánchez Bermúdez, Ángel Manuel

DECANOS/DIRECTORES:

Garrido Valenzuela, Irene
González Piñeiro, Luis
Iglesias Antelo, Beatriz
Lorenzo Suárez, Anxo M.
Mejuto Fernández, Juan Carlos
Muñoz López, Luis
Ortiz Torres, Luis
Percira Domínguez, Alejandro
Pousada Carballo, José María
Suárez Pazos, Mercedes
Vidal Vázquez, Ricardo
Vivas Martínez, Carlos

PDI-A:

Barcia Rodríguez, Ignacio
Blanco Pesqueira, Antonia
Domínguez Martín, Jorge
Garriga Domínguez, Ana
González Vázquez, Encarnación
Legido Soto, José Luis
Liz Marzán, Luis Manuel
Ramos Cabrer, Manuel
Rodríguez Berrocal, Francisco Javier

PDI-B:

Diéguez Castrillón, M^a Isabel
Martínez Insua, Ana Elina
Rodeiro Iglesias, Javier

ESTUDANTES

Fariñas Valiña, Iago
Puga Alonso, Javier
Riobó Fernández, Aida
Riós Currás, Moisés

PAS

Cebro Rodríguez, Xoán Manuel

CONSELLO SOCIAL:

López Atrio, María Laura
Pérez Mato, Federico

DESCULPAN ASISTENCIA

Bernal Gómez, Rosa
Pena Rodríguez, Alberto
Varela Martínez, Iago

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 18 de decembro de dous mil oito, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e as 10:00 horas en segunda, na sala de xuntas da Reitoría

O xoves, día 18 de decembro de 2008, ás 10:10 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2008.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, do programa especial de promoción do PDI 2008.
4. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2009/10.
5. Creación, se procede, da dirección de área de implantación de títulos de grao.
6. Resolución do recurso de alzada presentado por Dna. Dolores Rivero Fernández contra o acordo do Consello de Centro de 13 de novembro de 2008.
7. Resolución do recurso de alzada presentado por D. Rafael Barrionuevo Giménez contra o acordo da Xunta de Escola do 30 de outubro de 2008.
8. Aprobación, se procede, dos plans de estudo dos seguintes graos: estudos de galego e español, linguas estranxeiras, tradución e interpretación, ciencia e tecnoloxía dos alimentos, administración e dirección de empresas, ciencias da actividade física e o deporte, economía, educación primaria, educación social, traballo social, turismo, educación infantil e enfermaría.
9. Aprobación, se procede, dos mestrados oficiais de carácter investigador.
10. Aprobación, se procede, das solicitudes de verificación polo procedemento abreviado dos mestrados autorizados e implantados segundo o R.D. 56/2005.

11. Aprobación, se procede, das incorporacións de remanentes de libre disposición.
12. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.
13. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para 2009.
14. Aprobación, se procede, do plan operativo de xestión de xerencia.

15. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no programa IMÁN: solicitude de praza de investigador sénior para a posta en marcha do Centro de Investigación Biomédica.
16. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de apoio á mobilidade do persoal de administración e servizos coa Universidade Técnica de Lisboa – Protocolo de co-tutela de tese coa Universidade Técnica de Lisboa – Convenio de colaboración interuniversitaria para a impartición do mestrado universitario theoretical chemistry and computational modelling coa Universidade de Estremadura – Convenio específico de colaboración coa Universidade Tecnolóxica de Honduras de San Pedro Sula, para o desenvolvemento dun especialista en automatización industrial – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de infraestruturas científico-tecnolóxicas de apoio á investigación.
17. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.
18. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (1 PAS), Comisión de organización académica e profesorado (1 profesor) e Comisión de planificación e asuntos económicos (1 membro do Consello Social e 1 PAS).
19. Rogos e preguntas.

Punto 1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2008.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se ten presentado unha petición de rectificación da acta por parte do Prof. González Piñeiro que afecta a súa intervención en rogos e preguntas, que quedaría co texto que consta na folla que se aportou aos asistentes no inicio da sesión.

Apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Sinala o reitor que informarán a secretaria xeral e a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europa neste punto.

Cédese a palabra á secretaria xeral quen expón, en relación ás cátedras I+D, que ten chegado á Universidade á notificación da sentenza do T.S. de Xustiza de Galicia que declara a executividade da sentenza que acord a nulidade da convocatoria das citadas cátedras. Deste xeito o T.S.X. resolve o recurso de apelación presentado por dous profesores da Universidade de Vigo contra o auto que declarou fai un ano a non execución por considerar que neste momento a mesma era desproporcionada polos efectos que producía. A día de hoxe, a Universidade ten a sentenza que obriga á execución pero está á espera de que se conteste polo T.S.X. unha petición de aclaración e rectificación da sentenza porque contén unha serie de erros.

Seguidamente, a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea informa sobre os aspectos máis relevantes do tratado na reunión do “Consejo de Universidades” do 4 de decembro de 2008. A Ministra de Ciencia e Innovación informa da elaboración en coordinación coas Secretarías de estado de comunicación, comunidades autónomas e universidades, dun Plan de comunicación baseado en catro eixos:

1. Reafirmar o papel que deben xogar os estudantes sempre dentro do respecto ás normas democráticas de xogo.
2. Incidir na información sobre as etapas xa superadas, e sen posibilidade de ser revisadas.
3. Aprender dos erros e facer propostas de mellora dos procesos de verificación, seguimento e acreditación de títulos
4. Informar sobre os retos pendentes

Por outra banda, informouse dos acordos acadados na “Comisión de enxeñaría e arquitectura” sobre as denominadas “fichas” das profesións de enxeñaría reguladas. O Director General de Universidades informou de que serán enviadas as correspondentes ordes ministeriais ao “Consejo de Ministros” e ás universidades proximamente, sen aventurar data concreta.

En canto ás enxeñarías informática e química, o Director General de Universidades anunciou a creación de comisións mixtas: Ministerio de Ciencia e Innovación, asociacións profesionais e universidades para a definición de “marcos académicos” que serán empregados pola ANECA para a verificación dos títulos sen compromiso de aprobación no “Consejo de Ministros”.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O Prof. Vidal, despois de sinalar que xa preguntou polo tema das cátedras I+D en reiteradas ocasións, pide que se lle expliquen os motivos da decisión de recorrer a distintos órganos a sentenza que declaraba a nulidade da convocatoria cando a mesma era tan clara. Nesta liña considera que sería conveniente abrir unha investigación do asunto para poder explicar toda a actuación sobre este tema durante todo este tempo. Recorda, finalmente, que a Universidade ten que dar exemplo á sociedade coa súa actuación.

O reitor procede á valoración da sentenza, e recorda que a nulidade da convocatoria estaba sustentada na falta de avaliación externa que esixían os antigos Estatutos da Universidade de Vigo, cando o feito de esixir, como mínimo dous sexenios, xa supuña esa avaliación externa. Engade, a maiores, que os novos Estatutos da Universidade non inclúen a necesidade desta avaliación externa para a convocatoria dun programa especial de cátedras. Relata tamén que, meses despois da toma de posesión como reitor, lle chegou a notificación da inadmisión do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional e que, desde ese momento, tentou actuar de acordo co previsto na normativa vixente e sempre tendo claro que tiña que dar o seu apoio aos oito profesores afectados. Nesta liña de apoio, anuncia que o luns estivo coa directora da ANECA para defender os intereses dos afectados. Reitera que a súa idea non é evitar o tema e que informará aos afectados e ao Consello de Goberno de todo o que aconteza e que vaia facendo.

O Prof. Vidal replica que o reitor clarexou a situación pero engade que a nulidade da convocatoria de cátedras tamén procedía da ampliación do número inicial de cátedras de 5 ás 8 finais e ao feito de que nalgúns áreas a promoción dos profesores podía facerse pola vía ordinaria prevista no Regulamento de profesorado. Reitera que a sociedade necesita un exemplo de cómo se debe actuar.

Debátese entre o reitor e o Prof. Vidal sobre o tema e conclúe o reitor que seguirá polo camiño exposto e sempre que se poida favorecer aos oito profesores afectados.

Pregunta o Prof. González Piñeiro polas fichas de enxeñaría se pasarán de novo polo Consejo de Universidades ou se irán xa ao Consejo de Ministros.

A vicerreitora resposta que o compromiso é que no mesmo día en que se remitan para a súa aprobación polo Consejo de Ministros se remitirían tamén ás universidades.

Punto 3. Aprobación, se procede, do programa especial de promoción do PDI 2008.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen presenta a cuarta edición do plan especial de promoción do PDI, comentando as novidades máis salientables respecto da convocatoria anterior.

Convócanse 14 prazas en lugar de 12 co obxectivo de seguir aumentando ata acadar 15 prazas no horizonte de 2010.

Establécense 2 prazas como mínimo e 7 como máximo por ámbito.

O programa está orientado a investigadores Ramón y Cajal e Parga Pondal dun ano de antigüidade, permitíndose tamén a participación daqueles que finalizaran os seus contratos a 30 de setembro. A idea é poder adiantar no futuro a convocatoria a setembro para dar cabida aos Parga Pondal ou Ramón y Cajal de último ano. O programa segue aberto tamén aos asociados acreditados con 3 anos de antigüidade.

Non poderán participar aqueles que teñan dereito a promoción por calquera outra vía prevista no regulamento ou por ter sido seleccionados en convocatorias anteriores.

A novidade máis importante este ano, refírese ao procedemento de selección. Proponse realizar unha avaliación dos currícula pola ACSUG. Temos acordado un convenio para tal fin que será asinado con data de hoxe de ser aprobada esta convocatoria por este Consello de Goberno. O procedemento sería o seguinte:

Os candidatos introducen o seu currículo na aplicación telemática que a ACSUG abra para este fin. Achegarán a documentación xustificativa. Aqueles que solicitaran previamente acreditación na ACSUG poderán validar toda a documentación aportada previamente e limitarse unicamente a achegar a nova.

A ACSUG elaborará informes de avaliación, co sistema habitual de revisión por pares con investigadores de fóra de Galicia nos distintos ámbitos e con tres sexenios.

A avaliación será feita conforme o baremo que se aprobe neste Consello de Goberno. Indica que o baremo é similar ao usado en convocatorias anteriores coas seguintes matizacións:

- a) Ábrese unha horquilla nos baremos para facilitar a labor dos avaliadores expertos. E o mesmo sistema usado para avaliar as acreditacións de profesorado. En xeral trátase de acomodar a horquilla ás edicións anteriores da convocatoria do programa especial de promoción de PDI.
- b) Refórzase o peso da estadía posdoutoral, coa finalidade estratéxica de fomentar que os candidatos seleccionados cumpran os requisitos dos programas B e Manuel Colmeiro.
- c) Dáse un peso específico a acreditación a profesor titular de universidade, para fomentar a selección de acreditados a esta figura.
- d) Amplíase o valor dos contratos posdoutorais competitivos (Ramón y Cajal e Parga Pondal).

Os ditos informes de valoración numérica serán remitidos á Universidade que dará traslado dos mesmos aos candidatos para abrir un prazo de alegacións. Resoltas as alegacións, os informes definitivos serán levados a COAP que procederá á selección dos candidatos mediante un procedemento exposto na convocatoria que é o mesmo utilizado nas dúas últimas convocatorias.

Dado que a aplicación da ACSUG xa está aberta, propón ao Consello de Goberno que o prazo sexa fixado ata o 18/02/09 no lugar do que aparece no texto como dous meses despois da apertura da aplicación telemática.

O texto conta co informe favorable da asesoría xurídica e foi revisado pola área de normalización lingüística. Tamén foi enviado previamente aos comités de empresa e xunta de PDI que tiveron oportunidade de transmitir os seus comentarios, moitos dos cales foron tidos en conta para redactar a versión que se trae hoxe ao Consello de Goberno.

Finalmente o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado agradece ao director da ACXUG a axuda prestada.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Ramos quen sinala que desde a agrupación Nova Universidade se considera que a que se presenta non é unha nova edición do Plan de promoción senón un novo Plan en canto cambian as condicións. Pregunta se esta vía é única tamén para os acreditados a titular de universidade ou haberá outra vía para a promoción dos acreditados a titular de universidade. Entende que se a vía de promoción é única, se valora moi pouco a acreditación como profesor titular. Por outra banda, como profesor de enxeñaría, pregunta pola definición dos ámbitos, posto que, desde o punto de vista dos centros, os números de prazas que saen non é equilibrado entre a Facultade de Ciencias e a Escola de Enxeñaría. Solicita que se busque unha solución para evitar estas anomalías.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado contesta que o sistema de habilitación para o acceso ás prazas de profesor de universidade, substitúese polo de acreditación, e son moi distintos, de xeito que ningunha universidade vai poder manter o

criterio de acreditado-praza. Para concretar as vías de promoción do profesorado funcionario haberá que esperar á presentación do documento de profesorado e, adianta, en relación ao mesmo que haberá unha vía de promoción por excelencia investigadora e outra por consolidación de cadro de persoal. O Plan que se presenta hoxe é un Plan de excelencia está orientado ás persoas que se enumeran no punto tres do documento. No relativo aos ámbitos, sinala o vicerreitor que este Plan non servirá a corto prazo para reequilibrar entre ámbitos. O tema do ámbito é complexo, porque se define o ámbito da área polo departamento ao que pertence. É un tema que pode necesitar debate pero ten que ser analizado e estar relacionado co Regulamento de centros e departamentos. É moi prematuro neste momento introducir cambios para este programa.

O reitor engade que o punto tres do documento permite recordar a quen vai dirixido este programa (Parga Pondal, Ramón y Cajal, axudantes...) e que, polo tanto, non substitúe ao programa ordinario de promoción por cadro de persoal. Recorda tamén que no Claustro se aprobou un programa de promoción para os que teñen tres sexenios e conseguen a acreditación como catedráticos.

O vicerreitor de Planificación sinala que o tema dos ámbitos, áreas, departamentos e centros é unha cuestión de gran calado, do que xa se ten falado con algúns, e que haberá que resolver a través do Regulamento de centros e departamentos, pois debe estudarse en conxunto.

O Prof. Ramos manifesta que, sabendo que o tema dos ámbitos está en riba da mesa, xa está satisfeito. A maiores engade dúas cousas: dun lado, que non quixo mesturar vía de promoción con cadro de persoal e entende que os méritos persoais deben valer igual para todos e non pode ser que computen para un ámbito e non para outro. Doutro lado, solicita o aumento do peso da acreditación para titular.

O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala que é a primeira vez que se introduce a acreditación como titular no Plan de promoción e se o Consello de Goberno considera que se debe ampliar a 10, parécelle ben.

O Prof. Mejuto alega que a puntuación que se lle da á acreditación é lineal e, polo tanto, é moi alta, porque a puntuación da produción científica ou docente se vai ponderar despois. Entende que é desproporcionada.

O Prof. Muñoz sinala que se trata de dar puntos por algo que xa está avaliado. Considera que é un sesgo que pode ser dependente do ámbito de que se trate.

O Prof. Ramos, en contestación á apreciación do Prof. Mejuto, sinala que todas as puntuacións se ponderan.

O Prof. Berrocal considera que a acreditación se concede por méritos pero existen criterios subxectivos por área, de xeito que implicitamente se están apoiando áreas concretas.

Segue debaténdose sobre a maior valoración ou non da acreditación no plan de promoción entre os profesores Mejuto, Legido, Ramos, a Prof^a. Blanco e os vicerreitores de Organización Académica e Profesorado e Planificación.

Finalmente, o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado sinala que o plan de promoción normalmente se resolve por unha marxe moi pequena de forma que 5 puntos neste apartado da acreditación poden ser significativos na puntuación final, porque rara vez se pondera. Polo tanto, entende que debe manterse con 5 puntos na proposta final do Plan de promoción para a acreditación. Se o ano que ven se ve que non é axeitado, poderá subirse na próxima convocatoria.

Procédese a votación do Plan de promoción.

1ª Proposta (presentada polo vicerreitor de Organización Académica e Profesorado): manter o plan de promoción na súa redacción orixinaria, pero establecendo como prazo para presentación de solicitudes ata o 18 de decembro: 27 votos a favor.

2ª Proposta (presentada polo Prof. Ramos): aumentar a puntuación da acreditación como profesor titular de universidade: 9 votos a favor.

Abstencións: 5.

Apróbase por maioría o Plan de promoción que consta no **anexo I**.

Punto 4. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2009/10.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a convocatoria reproduce ás condicións de anos anteriores, ampliando a posibilidade de solicitude para profesores contratados doutores, unha vez que poden acreditar sexenios e quinquenios, que é o criterio de selección establecido tradicionalmente nesta convocatoria.

Apróbase por asentimento o texto que se recolle no **anexo II**.

Punto 5. Creación, se procede, da dirección de área de implantación de títulos de grao.

Cédese a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado quen sinala que a implantación dos novos graos está a producir unha sobrecarga de traballo na Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado. Os prazos para a elaboración dos próximos POD's van verse reducidos pola necesidade de incorporar o encargo destes novos estudos. Terá que producirse unha migración á nova aplicación Xescampus, que obrigará durante un tempo a ter activas ambas aplicacións.

Por todos estes motivos proponse unha dirección de área específica de implantación de estudos de grao, que colaborará nestas tarefas e que dependerá da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

Apróbase por asentimento.

Punto 6. Resolución do recurso de alzada presentado por Dna. Dolores Rivero Fernández contra o acordo do Consello de Centro de 13 de novembro de 2008.

(Invitada Dna. Dolores Rivero Fernández e o decano da Facultade de CC. Empresariais e Turismo).

Cédese a palabra á secretaria xeral quen sinala que se trata dun recurso de alzada presentado pola profesora Rivero Fernández contra o acordo da Xunta de Facultade de CC. Empresariais e Turismo de 13 de novembro de 2008 pola que se aproba a memoria definitiva do mestrado en “Auditoría contable”. As razóns alegadas pola profesora son catro:

- En primeiro lugar que non estaba depositada na secretaría do decanato toda a documentación relativa á memoria do mestrado.
- En segundo lugar que as alegacións á memoria deberían ser estudadas con anterioridade á aprobación da mesma.
- En terceiro lugar que a memoria do mestrado aprobouse cun título distinto ao especificado na orde do día da convocatoria. En concreto, o novo título é “Análise dos procesos de auditoría dos estados financeiros”.
- E por último que non había na Xunta de Centro quórum suficiente para aprobar a memoria.

Debido a gravidade das presuntas irregularidades alegadas pola recorrente, e, tendo en conta que o mesmo foi aprobado na sesión de Consello de Goberno de 25-11-2008, a través da Resolución Reitoral de 10-12-2008, suspendeuse cautelarmente a execución dos acordos e actos relativos ao mestrado “Análise dos procesos de auditoría dos estados financeiros”, ata que se resolva polo Consello de Goberno o recurso presentado pola Prof^a. Rivero.

Solicitado informe á asesoría xurídica esta manifesta que na Xunta de Xentro se ten incorrido en varias irregularidades:

1º. Que xunto coa convocatoria ten que estar a disposición dos membros da Xunta de Centro toda a documentación sobre os asuntos da orde do día.

2º. Que ao non figurar na orde do día o cambio de denominación do título de grao, non procedía o cambio do mesmo.

3º. Por último, no que respecta ao quórum necesario para a aprobación do mestrado, o Regulamento de réxime interno da Xunta de Centro, dispón que para a válida adopción de acordos é necesaria a presenza de polo menos a cuarta parte dos membros da Xunta, previa petición do mesmo por algún dos membros da Xunta.

O feito de que ningún membro pida quórum non impide que en base ao principio de seguridade xurídica e legalidade, deba esixirse a presenza de polo menos a cuarta parte dos membros da Xunta para a válida adopción de acordos.

Polo tanto a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a estimación do recurso presentado pola Prof^a. Rivero.

Intervén o decano da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo para indicar que, acata a decisión que se adopte, e explica as dificultades para a aprobación da memoria do mestrado debido aos prazos tan curtos e o problema de conseguir quórum ao longo da celebración de toda a Xunta de Centro, en canto este era o derradeiro punto da orde do día dunha Xunta que se alongou moito.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Resolución do recurso de alzada presentado por D. Rafael Barrionuevo Giménez contra o acordo da Xunta de Escola do 30 de outubro de 2008.

(Invitado o Prof. Barrionuevo Giménez e o director da E.T.S. de Enxeñaría de Minas).

Trátase dun recurso de alzada presentado polo Prof. Barrionuevo contra o acordo da Xunta de Escola da E.T.S. de Enxeñaría de Minas de 30 de outubro de 2008 por considerar que presentaba irregularidades na orde do día da convocatoria. O punto da orde do día era: “Aprobación, se procede, de proposta de máster”, sen especificarse o nome do mesmo.

Solicitado informe á asesoría xurídica considera que a convocatoria debe conter a orde do día, expresando de modo claro e concreto os asuntos sobre os que os membros deberán expresar a súa vontade, co fin de que poidan coñecer anticipadamente os mesmos e valorar a decisión de asistir. Neste caso entende a asesoría xurídica que a convocatoria resulta inconcreta, xa que non alude a que mestrado se refire, de forma que non cumpre os requisitos de claridade e complitude que esixe a xurisprudencia.

Polo tanto, a proposta que se fai a este Consello de Goberno é a estimación do recurso presentado.

Intervén o director da E.T.S. de Enxeñaría de Minas para por de manifesto o seu desacordo co informe da asesoría xurídica.

Intervén o director da E.U. de Enxeñaría Técnica Forestal quen sinala que tamén nas convocatorias de Consello de Goberno se incumpre o sinalado pola asesoría xurídica porque non se indica os temas concretos dos puntos da orde do día. Ao que responde a secretaria xeral que no caso do Consello de Goberno sempre se acompaña a convocatoria de toda a documentación acreditativa do punto.

Apróbase por asentimento.

Engade a secretaria xeral que debe terse en conta que onte mesmo, o director da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, ao detectar o erro na convocatoria e de acordo do previsto no artigo 105 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que permite rectificar en calquera momento os erros de feito, celebrou xunta de centro na que se aproba, e así consta na convocatoria, aprobación da memoria provisional do “mestrado universitario en Tecnoloxía medioambiental”. Isto supón a corrección do defecto e, permite incluír este mestrado xunto cos restantes que se presentan hoxe para su aprobación no punto 9 da orde do día.

Punto 8. Aprobación, se procede, dos plans de estudo dos seguintes graos: estudos de galego e español, linguas estranxeiras, tradución e interpretación, ciencia e tecnoloxía dos alimentos, administración e dirección de empresas, ciencias da actividade física e o deporte, economía, educación primaria, educación social, traballo social, turismo, educación infantil e enfermaría.

Foron invitadas as seguintes persoas:

Decanos ou directores da Fac. de CC. Empresariais e Turismo, Fac. de Filoloxía e Tradución, Fac. de CC. Económicas e Empresariais, E.U. de Estudos Empresariais e Fac. de CC. da Educación e do Deporte.

Director da E.U. de Enfermaría de Meixoeiro, D. Luís Morano Amado.

Director da E.U. de Enfermaría de Povisa, D. Fernando Rey Ferro.

Director da E.U. de Enfermaría de Ourense, Dna. Rosario Alonso Paio.

Director da E.U. de Enfermaría de Pontevedra, D. José Luís Vázquez Rey.

(Solicitaron asistencia Dna. Araceli González Crespán e Dna. Consuelo Currás Valle).

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que coa presentación deste segundo conxunto de 13 propostas de títulos de grao, complétase a tarefa encargada ás respectivas xuntas de titulación no Consello de Goberno de 28 de abril. Correspóndese con:

- Rama de Xurídico- Social:
 - Grao en Educación infantil
 - Grao en Educación primaria
 - Grao en Educación social
 - Grao en Traballo social
 - Grao en Ciencias da actividade física e do deporte
 - Grao en Economía
 - Grao en Administración e dirección de empresas
 - Grao en Turismo
- Rama de Arte-Humanidades:
 - Grao en Estudos de galego e español
 - Grao en Linguas estranxeiras
 - Grao en Tradución e interpretación
- Rama de Ciencias da Saúde:
 - Grao en Enfermaría
- Rama de Ciencias:
 - Grao en Ciencia e tecnoloxía dos alimentos

Antes de pasar aos detalles, fai público o grande esforzo realizado pola comunidade universitaria en xeral, as xuntas de titulación e as comisións delegadas das mesmas en particular, para nuns prazos tan limitados ser capaces de concretar os proxectos formativos cuxa implantación nos ocupará nos próximos tempos. Así mesmo agradece persoalmente a todos eles pola colaboración amosada co persoal da Vicerreitoría.

Cada proposta na súa tramitación antes de chegar ao Consello de Goberno superou as seguintes etapas:

- Exposición pública das memorias iniciais.
- Avaliación por polo menos dous expertos seguindo o protocolo deseñado pola Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea en colaboración co Consello Social e a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado. A Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea recolle nun documento de síntese as contribucións dos avaliadores. Este documento é remitido ao centro correspondente durante o prazo de alegacións para que sexa tido en conta na elaboración da memoria definitiva.
- Unha vez recibida a memoria definitiva, elaborase na Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea: un protocolo de avaliación definitivo que se remite tanto ao Consello Social como a COAP. Un informe que é remitido á xunta de titulación.
- Autorización da Dirección xeral de ordenación e calidade do SUG para o envío das solicitudes ao “Consejo de Universidades”, 3 de novembro de 2008
- Estudo pola COAP: informe de viabilidade, 16 de Decembro de 2008
- Consello Social: informe favorable, 17 de Decembro de 2008.

As propostas contan cos informes favorables da Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea, da COAP e do Consello Social.

A secretaria xeral intervén para sinalar que o Prof. Sánchez, director da E. U. de Estudos Empresariais, presentou un escrito que se ten aportado a todos os membros do Consello de Goberno ao inicio do mesmo, e se incorpora como **anexo III**.

O Prof. Sánchez, director da E. U. de Estudos Empresariais, procede á lectura do escrito que consta no anterior anexo.

O Prof. Muñoz pregunta se o traballo de fin de grao pode ter outra denominación e cal é o significado das mencións nun plan de estudos. Por último, se interesa tamén sobre se houbo reservas a estes plans de estudos.

O Prof. Gómez Fraiz, decano da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, en relación ao escrito lido polo Prof. Sánchez, no ten clara a necesidade de ter que cambiar algo da memoria presentada do grao en Administración e dirección de empresas.

O Prof. Legido manifesta a dúbida de se neste tipo de graos hai adecuación de cadro de persoal e créditos e pregunta se houbo problemas nese sentido. En relación ao escrito de Prof. Sánchez, pregunta que se entende por grao novo e considera que se perden titulacións.

Procede a vicerreitora a contestar as distintas cuestións suscitadas. Sinala que o traballo de fin de grao e a terminoloxía nova das titulacións de grao, no que respecta ás mencións, o título que se emitirá será de grao en... pola Universidade de.... No relativo aos informes, desde a Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea se traballou coas memorias definitivas para corrixir todos os defectos. Quedan reservas de cautela en relación ao tema das prácticas obrigatorias ou optativas. En canto ao grao en ADE, considera a vicerreitora que o tema quedou resolto o 24 de abril de 2008 cando se acordou en Consello de Goberno o encargo á Xunta de Titulación para elaborar o grao en ADE que supoñía a transformación dos títulos do eido da empresa. Manifesta o seu acordo co decano da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, de que no se pode supeditar un grao a un futuro.

O reitor engade que isto xa foi clarexado máis dunha vez en distintos foros. Así a Universidade da Coruña presentou dúas propostas de grao, unha en Administración e dirección de empresas e outra en Empresariais. A Universidades de Vigo e Santiago, só un grao en Administración e dirección de empresas. A proposta da Universidade da Coruña foi parada pola Xunta e as de Santiago e Vigo, non. O compromiso pactado no Consello de Universidades de Galicia é que si a Xunta autoriza á Universidade da Coruña a implantar o novo título, Vigo e Santiago se reservan o dereito (fóra do debate sobre novas titulacións) de incluír un título novo nese ámbito. Deste xeito no se perde ningún dereito, pero tampouco se paraliza o traballo feito.

A vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea, en relación aos recursos necesarios para a impartición dos graos, alega que existe un informe da COAP que así o acredita.

Intervén o Prof. Legido quen alega que o que se vai aprobar aquí é a transformación dunha titulación actual nun grao e, ante isto, pregunta si despois non pode haber problemas co acordo do Consello de Goberno.

A secretaria xeral contesta que non haberá ningún obstáculo nese sentido, porque terá que haber un acordo posterior de Consello de Goberno de aprobación dun título novo dentro do ámbito xurídico-social..

Debátese entre o reitor e o Prof. Sánchez sobre o grao en ADE.

Seguidamente, propón a vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea a aprobación das memorias de grao para poder envialas ao Consejo de Universidades e solicita que o Consello de Goberno delegue nela mesma a corrección de erratas de tipo técnico que poidan detectarse desde hoxe ata o momento do envío, erratas que se corrixirán en colaboración coas Xuntas de Titulación.

Procédese a votación:

- Votos a favor da proposta presentada: 31.
- Votos en contra: 0.
- Abstencións: 10.

Apróbanse por maioría as memorias de grao presentadas (**anexo en CD**).

Punto 9. Aprobación, se procede, dos mestrados oficiais de carácter investigador.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea quen sinala que se recibiron en tempo e forma 26 solicitudes de novos mestrados de carácter investigador. Estiveron en exposición pública e despois de seren analizadas as alegacións recibidas, as memorias definitivas foron enviadas a vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea que as remitiu á Comisión de estudos de posgrao.

25 destas propostas contan co informe favorable da Comisión de estudos de posgrao reunida o 9-12-2008. En resumo 22 propostas propias e 3 interuniversitarias:

- 11 son transformación de programas antigos con mención de calidade (11 de 18).
- 10 son transformacións/fusións de programas antigos sen mención de calidade.
- 1 xorde parcialmente do programa de “Física aplicada”.
- 3 son iniciativas novas.

A Comisión de estudos de posgrao así mesmo recomenda que no caso de mestrados interuniversitarios ou mestrados que precisen contar con recursos humanos doutras universidades ou institucións, a xeración da solicitude de verificación debe estar condicionada á recepción da documentación xustificativa da participación de todas as universidades/institucións implicadas.

Por outro lado, a proposta de título de mestrado universitario en “Termalismo e balneoterapia: ciencia e técnica”, proposta interuniversitaria coa Universidade da Coruña que actúa como Universidade coordinadora, non pode ser tramitada nesta convocatoria, pois, segundo comunicación da vicerreitoría de Organización Académica e Titulacións da UDC; non tivo a aprobación da Comisión de máster e doutoramento da UDC.

Propónse ratificar a valoración da CEP e asumir a recomendación para as propostas interuniversitarias.

RELACIÓN DE MESTRADOS OFICIAIS DE CARÁCTER INVESTIGADOR			
Nº	Centro	Título	Observacións
1	Facultade de Filoloxía e Tradución -Escola Superior de Arte Dramática de Galicia	Mestrado universitario en artes escénicas	
2	Facultade de Filoloxía e Tradución	Mestrado universitario en lingüística e as súas aplicacións	Interuniversitario UVIGO (C) UDC
3		Mestrado universitario en tradución e paratradución	
4		Mestrado universitario en estudos ingleses avanzados: interpretación textual e cultural das sociedades anglófonas contemporáneas	
5	Facultade de CC. Económicas e Empresariais	Mestrado universitario de investigación en contabilidade e finanzas	
6		Mestrado universitario en administración integrada de empresas: responsabilidade social corporativa, calidade e medio	
7		Mestrado universitario en economía	
8	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo	Mestrado universitario en menores en situación de desprotección e conflito social	
9		Mestrado universitario en ordenación xurídica do mercado	
10	E.T.S.E. Telecomunicación	Mestrado universitario en enxeñaría telemática	
11		Mestrado universitario en teoría do sinal e das comunicacións	
12		Mestrado universitario en radiocomunicación e enxeñaría electromagnética	
13	E.T.S.E. de Minas	Mestrado universitario en tecnoloxía ambiental	

14		Mestrado universitario en enxeñaría térmica	Interuniversitario UVIGO (C) U. Rioja U. Burgos U. País Vasco
15	E.T.S.E. Industriais	Mestrado universitario en enxeñaría química	
16		Mestrado en Novos modelos e tecnoloxías na industria	
17	Facultade de Bioloxía	Mestrado universitario en metodoloxía e aplicacións en ciencias da vida	
18	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación	Mestrado universitario en investigación en comunicación	
19	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte	Mestrado universitario en actividade física, deporte e saúde	
20	Facultade de Historia	Mestrado universitario en historia, territorio e recursos patrimoniais	
21	Facultade de Ciencias da Educación	Mestrado universitario en dificultades de aprendizaxe e procesos cognitivos	
22		Mestrado universitario en intervención psicosocioeducativa en educación secundaria: cara a unha proposta de calidade	
23	Facultade de Ciencias	Mestrado universitario en ecosistemas terrestres, uso sustentable e implicacións ambientais	
24		Mestrado universitario en ciencias do clima: meteoroloxía, oceanografía física e mudanza climática	
25	E.S.E. Informática	Mestrado en software intelixente e adaptable	

Apróbanse por asentimento os mestrados presentados (**anexo en CD**).

Punto 10. Aprobación, se procede, das solicitudes de verificación polo procedemento abreviado dos mestrados autorizados e implantados segundo o R.D. 56/2005.

Cédese a palabra á vicerreitora de Titulacións quen sinala que a Resolución da Dirección Xeral de Universidades do Ministerio de Ciencia e Innovación do 28 de Outubro indica que a devandita Dirección Xeral acordou co Consello de Universidades e a ANECA un procedemento abreviado dirixido á obtención da verificación polo R.D. 1393/2007 dos mestrados universitarios xa autorizados para a súa implantación conforme ás disposicións contidas no R.D. 56/2005 para que no curso 2009-10 podan impartirse ao acubillo da normativa en vigor. Resalta que este é un procedemento “administrativo”, no que de ningún modo vaise a volver a avaliar a memoria xa aprobada.

A Universidade de Vigo ten en marcha un total de 30 estudos de mestrados universitarios susceptibles de acollerse ao procedemento abreviado de verificación contando todos eles con informe favorable da ACSUG.

RELACIÓN DE MESTRADOS R.D. 56/2005	
Mestrado (17)	
Mestrado en Consultaría de software libre	
Mestrado en Nutrición	
Mestrado en Ciencia e tecnoloxía agroalimentaria	
Mestrado en Intervención multidisciplinar na diversidade en contextos educativos	
Mestrado en Creación, dirección e innovación na empresa	
Mestrado en Dereito urbanístico e do medio ambiente	
Mestrado en Aplicacións de Procesado de Sinal en Comunicacións	
Mestrado en Tecnoloxías e procesos na industria do automóbil	
Mestrado en Enxeñaría da edificación e construcións industriais	
Mestrado en Enxeñeiro de soldadura	
Mestrado en Enerxía e sostibilidade	
Mestrado en Prevención de riscos laborais	
Mestrado en Comercio internacional	
Mestrado en Xestión do desenvolvemento sostible	
Mestrado en Políticas comunitarias e cooperación territorial	
Mestrado en Estudos de xénero	
Mestrado en Química teórica e modelización computacional	

RELACIÓN DE MÁSTERES INTERUNIVERSITARIOS SUG NOS QUE PARTICIPA A UNIVERSIDADE DE VIGO CON INDICACIÓN DA UNIVERSIDADE COORDINADORA (13)

Mestrado	USC(6)	UDC(1)	UVIGO (6)
Enxeñaría matemática	X	X	X
Química avanzada	X	-	X
Estatística e investigación operativa	X	X	X
Acuicultura	X	X	X
Neurociencia	X	X	X
Política lingüística e	X	X	X

planificación da lingua galega			
Fotónica e tecnoloxía do láser	X	X	X
Dirección e planificación do turismo	X	X	X
Dirección de empresa familiar	X	X	X
Edición	X	-	X
Xestión e dirección laboral	X	X	X
Dirección integrada de proxectos	--	X	X
Física aplicada	--	X	X

Universidade coordinadora:

X

As universidades deben presentar a documentación ao Consejo de Universidades antes do 31 de decembro.

Na Universidade de Vigo organizouse mediante R.R. de 27 de novembro a recollida da información de cada mestrado necesaria para cumprimentar as solicitudes tendo en conta que por acordo entre as vicerreitorías competentes, no caso dos mestrados interuniversitarios, será a universidade que ía como coordinadora na solicitude inicial, a que presente a solicitude agora ante o “Consejo de Universidades”.

Ante a brevidade dos prazos, e de cara a facilitar o traballo das comisións académicas dos mestrados, a CEP na súa reunión do 4 de decembro, acordou delegar na vicerreitora de Titulacións e Convergencia Europea o cumprimento de toda a documentación.

A día de hoxe, a Vicerreitoría ten practicamente toda a documentación sendo en algún caso necesaria unha revisión técnica da mesma.

En base ao anterior, a vicerreitora solicita ao Consello de Goberno que aprobe tramitar as solicitudes de verificación dos mestrados listados anteriormente de acordo co procedemento abreviado establecido pola ANECA, e delegar na vicerreitora o cumprimento da documentación. Esta documentación será presentada ao Consejo de Universidades no prazo establecido, achegando copia ás outras universidades participantes, no caso de mestrados interuniversitarios.

Intervén a Prof^a. Suárez para indicar que no mestrado “Intervención multidisciplinar na diversidade de contextos educativos”, hai un erro na denominación pois é “en contextos educativos”.

A vicerreitora resposta que se fará a correspondente comprobación e se porá o nome que figure no DOG.

Apróbase por asentimento.

Punto 11. Aprobación, se procede, das incorporacións de remanentes de libre disposición.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón as incorporacións de remanente de libre disposición que se recollen no **anexo IV**.

O Sr. Cebro expón que hai un erro na cantidade que aparece no texto explicativo da solicitude realizada pola xerencia, en canto se trata de 15.000 €, cando na nota explicativa se di que son 5.000 €.

A vicerreitora sinala que se trata dun erro tipográfico na nota explicativa, sendo correcta a cantidade que se solicita.

Apróbanse por asentimento.

Punto 12. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen sinala que estas transferencias non puideron ser levadas á Comisión de planificación e asuntos económicos porque chegaron con posterioridade á celebración da mesma, por este motivo se traen a este Consello de Goberno.

Seguidamente expón as transferencias que constan no **anexo V**.

Apróbase por asentimento.

Punto 13. Aprobación, se procede, do proxecto de orzamento da Universidade de Vigo para 2009.

Cédese a palabra á vicerreitora de Economía quen expón as liñas xerais do orzamento que se recolle no **anexo VI**. Engade a vicerreitora que este proxecto de orzamento foi aprobado pola Comisión de planificación e asuntos económicos.

Intervén seguidamente o vicerreitor de Planificación para facer algúns comentarios adicionais que esclarezan 3 programas concretos, para cumprir un chamamento da Comisión de planificación e asuntos económicos. En concreto, os Plans de reforma dos centros para a adaptación ao EEES, o Plan de control de accesos e o Programa Tempos.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar o Prof. Rodeiro e alega que foi el mesmo o que preguntou polas cuestións expostas polo vicerreitor de Planificación. En relación ao control de accesos, nos orzamentos aparece que será subvencionado parcialmente polo Banco de Santander, e pregunta canto é financiado polo Banco.

Tamén pregunta, no relativo ás xeracións de crédito, quen ten que autorizar as mesmas cando non existe convenio, en canto as normas de execución orzamentaria establecen que, en caso de que exista convenio, será a xerencia quen asuma a competencia para autorizalas.

A xerenta contesta que todo o que non está delegado na xerencia terá que ser aprobado en Consello de Goberno.

O Prof. Berrocal sinala que non escoitou a explicación sobre a partida de 400.000 € relativa a parte superior da zona comercial.

O Prof. Legido comparte a preocupación inicial da vicerreitora de Economía porque a realidade é distinta. O problema é que temos diante un reto en canto os ingresos se reducen, polo tanto, todos os responsables políticos deben saber que tamén eles teñen que facer un esforzo.

Sobre a estrutura xeral do orzamento, o Prof. Legido sinala que non se crece ao ritmo que se pensaba, pero cree que se debe reivindicar un maior esforzo en docencia e investigación. Pensa que haberá reducións nos proxectos de investigación e, polo tanto, debería pensarse nun plan B para que os grupos non se vexan afectados. Xa entrando en aspectos concretos, en canto ás infraestruturas, insiste na necesidade de aparcadoiros e considera que non se debería investir en proxectos que supoñan cantidades elevadas. Pregunta a que se refire a referencia a novos programas de doutoramento. En relación ao tema do acceso aos centros e a necesidade de restrinxir o mesmo para un maior control, recorda o dereito do persoal a traballar fóra de hora sen limitacións. Pregunta se o Plan SUMA vai supoñer un gasto a maiores pero se vai traer consigo aforro enerxético. Por último, o sistema de compras centralizadas parécelle ben sempre que se adopten cautelas para que o prezo sexa bo e o material de boa calidade.

Intervén o Sr. Cebro para facer referencia ao ambiente de pesimismo debido a situación complicada que se está vivindo pero recorda que a Universidade está ben posicionada debido aos orzamentos aprobados anos atrás. Pide que non sufran as consecuencias os que non teñen culpa de nada. Fai seguidamente preguntas concretas: no que respecta á descentralización, xa fai anos insistiu en que a descentralización de gasto está ben pero que se debe dotar de persoal para que se poidan xestionar as partidas. O vicerreitor do Campus de Ourense contesta ao respecto que en Ourense se leva por unha persoa que está en comisión de servizos.

Continúa o Sr. Cebro preguntando, en relación ao artigo 32, se é necesario pedir autorización a Xerencia cando un PAS dalgún centro sexa enviado a un curso polo decano. No que respecta á acción social alega que non está o 1,5% da base salarial do PAS funcionario e do PAS laboral, o que é obrigatorio polo convenio colectivo e polos acordos aprobados en Consello de Goberno. Sinala tamén que os orzamentos teñen un incremento en Capítulo I de 7,6 millóns e pregunta onde está o incremento para o PAS. Por último, refírese a que está prevista unha suba do IPC e as pagas extraordinarias se están incorporando e o ano que ven se cobrará o 100%. No caso do PDI non a están cobrando pero sinala que ao día seguinte se vai celebrar una mesa sectorial e se chegará a este acordo, o que debería reflectirse nos orzamentos.

O Sr. Fariñas intervén para facer varias preguntas: en primeiro lugar, se está previsto no orzamento da biblioteca o custe de persoal para poder abrir ata as 10 da noite. Segundo se está previsto o custe de persoal para a Oficina de Relacións Internacionais de Ourense. En terceiro lugar, se no Plan de renovación informática se contempla o envío das notas a través de SMS. En cuarto lugar, se esta orzamentada a dotación dun garda de seguridade máis para o campus de Ourense. En quinto lugar, se para por en marcha a gardería de Ourense é suficiente

co convenio de galescolas posto que non hai ningunha cantidade orzamentada. En sexto lugar, pregunta por que a Facultade de Dereito de Ourense é o centro que ten a cantidade máis baixa asignada. Por último, pide un esforzo maior para as accións que repercutan nos estudantes.

A vicerreitora de Economía inicia a súa resposta sinalando que para cada Plan ou compromiso hai un orzamento detrás. Así, para o Plan propio de promoción de doutores acreditados hai 400.000 €, o Plan de desgravación por actividades docentes e investigación supón arredor de 7.000 créditos, sendo o custe estimado por crédito de 800 €, aínda que o custe final pode ser menos debido a existencia de folguras.

En canto ás competencias de Xerencia, sinala que todo o que non estea recollido nas normas, deberá ser aprobado por Consello e Goberno.

O vicerreitor de Planificación contesta en relación á cantidade que aporta o Banco de Santander que para o Plan de control de accesos son 50.000 € no 2009, e para o Plan SUMA son 300.000 €, pero este Plan ten un alcance moito maior figurando no programa da UNIT unha dotación, condicionada a acadar subvencións doutras institucións como o INEGA, por importe de 700.000 €.

Polo que respecta ao acondicionamento da parte superior da zona comercial entende que debería rematarse porque causa mala imaxe, aínda que é unha iniciativa que, se fose necesario, sería prescindible.

Entende que cumpre facer unha urbanización que comprenda rematar o entorno da biblioteca, aparcadoiro da zona de ciencias e aparcadoiro de CITEXVI. Polo que respecta ao entorno de biblioteca e aparcadoiro da zona de ciencias dispónse dunha dotación de 200.000 € para este concepto. En canto ao Plan de control de accesos, o que se pretende é que exista unha porta única por centro, por motivos de seguridade, e se falará co decano de cada centro para ver como se pode xestionar para non prexudicar a ninguén. Finalmente, en relación ao Plan SUMA alega que hai actuacións que van supoñer aforro enerxético e anuncia que se porá en marcha a web do Plan para que se coñezan os datos a as actuacións.

A vicerreitora de Economía comparte a mesma reflexión que o Prof. Legido sobre a complicada situación que estamos a vivir e a necesidade de facer un chamamento a todas as autoridades para que colaboren no proceso de cambio que está en marcha. Refírese ao programa de compras centralizadas que se vai por en marcha, sinalando que se adoptarán todas as cautelas necesarias.

A vicerreitora de Titulacións en contestación á pregunta do Prof. Legido sobre os novos programas de doutoramento, sinala que é unha partida para dar apoio e difusión aos novos mestrados de investigación.

A vicerreitora de Economía, en contestación ás cuestións presentadas polo Sr. Cebro, expón que pensando no 2010 no pode haber optimismo debido a que se a situación económica se mantén, estaríamos en mala situación. No que respecta ao artigo 32 das Normas de execución, tal como aparece alí recollido, é necesaria autorización de Xerencia, que poderá delegar nos vicexerentes. En canto á acción social, alega a vicerreitora que houbo un

incremento moi importante, mais do 15 %, para cumprir o establecido no convenio colectivo e nos acordos de Consello de Goberno.

O vicerreitor do Campus de Ourense expón que, en materia de seguridade do campus, o tema quedará resolto co novo concurso. No relativo á gardería, xa ten o proxecto de 720.000 € para 35 nenos, ten que facerse un proxecto máis pequeno e, neste momento é prioritaria a construción dun novo edificio administrativo, tendo en conta o proceso de descentralización que está en marcha.

O Sr. Fariñas intervén novamente para engadir que o ideal sería ter o espazo para a gardería, pero se non é posible, debería pórse en marcha o servizo. Debátese sobre o tema entre o Sr. Fariñas e o vicerreitor do Campus de Ourense.

A vicerreitora de Extensión Cultural e Estudantes, en contestación á petición do Sr. Fariñas dun maior esforzo en materia de estudantes, sinala que en materia de bolsas, as de comedor complementan ás do Ministerio cun incremento na partida do 13 %.

O Prof. Berrocal fai unha aclaración para que quede claro o sentido do seu voto. Sinala que Nova Universidade considera que é necesario un debate e consenso no tema dos orzamentos, pero que nun Consello de Goberno con 19 puntos e ás 14:30 da tarde non lle parece o máis axeitado. Alega que non lle gustan os orzamentos en tanto apoian aos centros e non aos departamentos e prevén infraestruturas innecesarias. Anuncia o seu voto en contra.

Procédese a votación dos orzamentos:

- Votos a favor: 23
- Votos en contra: 3
- Abstencións: 3.

Apróbase por maioría.

Punto 14. Aprobación, se procede, do plan operativo de xestión de xerencia.

Debido ao avanzado da hora, decídese retirar este punto da orde do día, que se incorporará ao seguinte Consello de Goberno.

Punto 15. Aprobación, se procede, da participación da Universidade de Vigo no Programa IMÁN: solicitude de praza de investigador sénior para a posta en marcha do Centro de Investigación Biomédica.

Intervén o reitor quen sinala que se trata de que a Universidade participe no Programa IMÁN coa captación dun investigador sénior. En concreto, a captación a fará a Xunta de Galicia e a selección se fará a nivel internacional a petición da Universidade de Vigo. Alega tamén o reitor que o programa financiará por tres anos esta praza e que será no Plan de política de profesorado onde se deseñara a mesma.

O Prof. Berrocal móstrase de acordo con esta iniciativa pero bota en falta documentación para apoiar o punto.

Apróbase por asentimento.

Punto 16. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio de apoio á mobilidade do persoal de administración e servizos coa Universidade Técnica de Lisboa – Protocolo de co-tutela de tese coa Universidade Técnica de Lisboa – Convenio de colaboración interuniversitaria para a impartición do mestrado universitario theoretical chemistry and computational modelling coa Universidade de Estremadura – Convenio específico de colaboración coa Universidade Tecnolóxica de Honduras de San Pedro Sula, para o desenvolvemento dun especialista en automatización industrial – Convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para o desenvolvemento de infraestruturas científico-tecnolóxicas de apoio á investigación.

Apróbanse por asentimento.

Punto 17. Elección para cubrir unha praza vacante do sector de estudantes na Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Non hai candidatos presentados.

Punto 18. Elección para cubrir as seguintes vacantes en comisións delegadas do Consello de Goberno: Comisión de investigación (1 PAS), Comisión de organización académica e profesorado (1 profesor) e Comisión de planificación e asuntos económicos (1 membro do Consello Social e 1 PAS).

Non hai que facer eleccións porque hai tantos candidatos como postos vacantes.

Os novos membros das comisións son os seguintes:

Nas Comisións de investigación e de planificación e asuntos económicos o novo representante do PAS é D. Xoán Manuel Cebro Rodríguez.

Na Comisión de organización académica e de profesorado o novo representante do PDI é D. Anxo M. Lorenzo Suárez.

Punto 19. Rogos e preguntas.

O Prof. Muñoz, como decano da Facultade de Química, fai un rogo para que se utilice o nome do seu centro tal e como é oficialmente: Facultade de Química e non Químicas. Seguidamente, se refire ás bolsas de mestrado e terceiro ciclo, indicando que á Universidade lle corresponde un 20% das mesmas, o que require que consideremos que é o que ocorre.

A vicerreitora de Titulacións resposta que a concesión das bolsas pola Comunidade Autónoma é a través dun sistema obxectivo: a nota media ponderada. Sinala que haberá que facer unha análise profunda de que ocorre.

Por contraste fronte ao anterior, o reitor alega que houbo 11 axudas nos programa I3 para Galicia e 7 corresponden á Universidade de Vigo.

O Prof. Rodeiro expón dúas cuestións: unha primeira relativa á posibilidade de facer actividades académicas no período de exames; outra cuestión sobre que facer ante a situación de que o Tribunal de Garantías conteste nun sentido distinto ao que se lle presenta.

A secretaria xeral contesta que o período de exames é para facer os exames da titulación de que se trate, calquera outra actividade é extraoficial. En canto ao Tribunal de Garantías, deberá dirixirse ao mesmo para solicitar unha aclaración.

O Sr. Fariñas pregunta se é posible facer exames fora das datas oficiais, ao que se resposta pola secretaria xeral que non.

O Sr. Fariñas protesta polas tarifas da piscina, en canto costa o mesmo para os membros da comunidade universitaria e para os de fóra. Seguidamente, reitera preguntas feitas no punto dos orzamentos sobre se está prevista partida para a remisión de SMS aos estudantes, e se está previsto o custo de persoal para a Oficina de Relacións Internacionais.


O vicerreitor de Novas Tecnoloxías e Calidade resposta que, o temas das mensaxes está na partida de comunicacións.

A xerenta da Universidade, en relación ao custo de persoal, sinala que está orzamentada a ampliación de postos de traballo, pero que é xenérica e será o Consello de Goberno o que determine esas prazas.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:45 horas do xoves día 18 de decembro de 2008 da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e prace do reitor

O reitor

 Alberto Gago Rodríguez

A secretaria xeral

 Esther Mª González Pillado